

SAN FROILÁN



QUERIDOS IRMÁNS,

Celebramos hoxe a festa de San Froilán, o noso concidadán e o noso patrón, nacido preto de aquí no Regueiro dos hortos e chegado ás alturas dunha humanidade ditosa e gloriosa, á plena comunión con Deus e cos irmáns propia da patria celestial.

Para nós é modelo, compañeiro no camiño, razón para non decaer na esperanza: a todos ofrécesenos o don inmenso do tempo da nosa vida, a liberdade dun corazón humano, o coidado da Providencia divina e a man de moitos irmáns. Cada un de nós é chamado a un esplendor de vida, a unha vocación e unha fecundidade que só Deus ve nas súas verdadeiras dimensións.

Nós alegrámonos hoxe contemplando a grandeza alcanzada por un dos nosos, e na esperanza polo destino de ben, de vida e de gloria de cada un de nós.

Damos grazas a Deus pola nosa terra e por Lugo; por haber nacido, polo pobo e a familia que encontramos, pola comunión na súa Igrexa; por San Froilán e todos os nosos santos patróns, sempre tamén pola Santísima Virxe María e os seus grandes ollos misericordiosos.

Poderíamos dicir que San Froilán viviu un tempo en que era necesario construír civilización, nun mundo de grandes cambios provocados polo encontro e tamén o conflito entre culturas e relixións, reinos cristiáns e musulmáns. Os seus pais seguramente foran testemuñas da reconstrución da Catedral por Odoario, queimada coa cidade non moito antes.



Chegou a ser abade de grandes comunidades monásticas, con centenares de monxes e monxas. Comunidade que eran xerme de vida nova, animadas por un espírito que fixera voto de castidade, pobreza e obediencia, de deixar atrás unha vida guiada pola procura mesmo violenta de riquezas, praceres e poder humano. Non querían vivir guiados pola soberbia, a avaricia ou a luxuria, senón pola humildade, o desprendemento, o amor verdadeiro.

Pola elocuencia do seu testemuño e da súa palabra, pola claridade da súa conciencia e do seu xuízo ante os problemas da vida, Froilán foi apreciado polo pobo cristián e buscado para ser o seu bispo na cidade de León, capital entón do Reino.

Nel uníase o espectáculo dunha vida admirable e o don da palabra, da predicación e o ensino; xunto cunha paternidade longamente exercida e aberta a todos.

A isto séguenos convidando S. Froilán hoxe, á mesma tarefa que une verdade e ben, intelixencia e corazón; e a un compartir xeneroso e sen medo, de corpo e alma, fiados do mesmo Señor Xesús. Ao noso modo e nas nosas circunstancias, esta maneira de estar no mundo resulta imprescindible tamén no noso tempo.

San Froilán non o conseguiu desde si mesmo, senón grazas á fe, que o invitaba a seguir os camiños da experiencia, da doutrina, da oración cristiá. O coidado verdadeiro do seu propio corazón, da súa propia persoa, feito posible pola súa dedicación á Palavra de Deus, ao Evanxeo, especialmente nos anos de soidade da súa ermida, foi razón do seu crecemento persoal, das moitas grazas que recibiu; fixo posible a riqueza da súa personalidade e da súa palabra, e a súa fecundidade para o seu pobo.

É unha lección para nós: no conflito das interpretacións, na multiplicación das propostas culturais e relixiosas, no mare mágnun da información que quere conformar a nosa conciencia e determinar a nosa maneira de vivir, resulta decisivo atopar un mesmo o camiño, a verdade e a vida.

San Froilán creceu no encontro co Señor Xesús, no recoñecemento do verdadeiro Deus e a escoita da súa Palabra. Soubo dar unha forma boa á vida, vivila realmente con moitos e á vista de todos, e converteuna nun exemplo de construción da cidade humana. Así, o esplendor da súa humanidade falaba de modo elocuente e crible do verdadeiro Deus.

A súa historia lémbra-nos a todos a prioridade do coidado do noso corazón e da nosa conciencia, a preferencia que debemos dar a vivir un mesmo na verdade. E que iso é un labor decisivo, que necesita de vontade e esforzo, que madura co tempo; e que resulta sostido e potenciado pola graza de atopar e seguir ao verdadeiro Señor, de recoñecer a luz do Evanxeo.

Froilán testemuñanos o significado da conciencia propia e da procura da verdade, da liberdade de conciencia. Convén insistir niso hoxe. Non podemos construír sen preservar e promover a liberdade de conciencia; non podemos ceder na defensa desta liberdade na nosa sociedade, permitir a súa censura por medo a conflitos. Quen nega a liberdade relixiosa e, por tanto, pretende impoñer a súa verdade ou simplemente controlar persoas e conciencias, equivócase. Non é nunca o modo de construír a cidade, nin de traballar pola paz.

O Evanxeo, ben vivido, guiou a Froilán e guíanos a nós polos camiños da liberdade e da verdade. Ensina a recoñecer o valor inapreciable da persoa do próximo, creada e querida por Deus mesmo, o da súa liberdade e os seus bens fundamentais.

Habemos de valorar inmensamente, por tanto, todo o que nos axuda a este vivir na verdade do Evanxeo, nas nosas casas e comunidades, nos diferentes ámbitos educativos, nos que crece e madura a conciencia dos máis novos.

Habemos de apreciar todo o que contribúe a esta liberdade na nosa sociedade e nas nosas institucións. Por iso, non deixamos de celebrar cada ano esta festa de San Froilán en Lugo, volvendo ás nosas casas e á verdade do noso corazón, mirando con alegría e esperanza aos propios seres queridos, á nosa cidade.

Pidamos ao Señor, como o noso santo patrón, a graza da elocuencia, do saber dicir a palabra xusta e construtiva, do saber transmitir e comunicar a fe en liberdade, de axudar a abrir camiños de verdade ao irmán que a busca.

Pois, por outra banda, as nosas mesmas conviccións crentes manteríanse máis dificilmente no tempo sen intelixencia, e a fe, falta de palabra, quedaría moi limitada na súa capacidade de construír, de propoñer e dialogar, de xerar unidade, de soste-r a convivencia e a paz.

Encomendemos hoxe esta cidade de Lugo ao noso patrón San Froilán, as nosas casas, os camiños na vida de cada un. Pidámoslle que, coa Virxe dos Ollos Grandes, interceda especialmente por quen sofre e está enfermo, por quen está entre nós, pero lonxe das súas familias e da súa terra. Como bo mestre, que coide dos nosos mozos, que están crescendo. Que interceda polas nosas familias, polas nosas parroquias, polas nosas autoridades civís.

Que a todos nos dea celebrar con alegría este día de festa do noso patrón, promesa das grandes festas preparadas para quen chega, como Froilán, á casa do Pai, onde todos somos esperados e onde quere conducirnos o noso mestre e pastor, Xesús o Señor.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo
